

BARCO · BÉBEDO

(Paráfrasis Galega do "Bateau Ivre" de Jean-Arthur Rimbaud)

*Na empusta en que eu descía polos ríos priguiceiros
deixaron de turrare por min os sirgadores:
Indios de pel bermella, ouveantes e frecheiros,
Chantáranos, en coiros, aos esteos de cōores.*

*Ningunha coida eu tiña daqueles mariñeiro.
De cotón e de trigo miña adega abastada,
cado xa esmoreceran os laios barulleiros
eu, ceibo, polas augas ía en cansa baixada*

*Da escumante mareia de fero batuxar,
nun inverno e más torda qu'un rapaz recén nado
eu corrín, e ni as illas fustrigadas do mar
aturaron asaños coma eu teño aturado*

*O trebón abenzoara meu velar mariñeiro.
Sin estranar a ollada das más parvas farolas,
eu dez noites bailei, cal cortizo lixeiro,
mesmo qu'un oufegado nas randéeiras olas.*

*Cal mazán agredóce, dun neno gorentada,
a i-auga verdecente o meu casco mollou,
e, de viños golsados a coberta enlixada,
ceiboume de ataxentas e limpo me deixou.*

*Dende aquela, eu bañeime no poema salgado
do mar que, coas estrelas, pola noite se alcende,
a engolir o azur verde por onde, un oufegado
a cismare, lourido, ás vegadas descende.*

*Eiquí, a tinxire súpeto, nun azur tresvarío,
con ritmo vagariño, do día no refrexo,
máis forte qu'o augardente, con tanxer largacío,
os bermellos, formentan, do namoro amarguexo*

*Sei dos ceios furados por lóstregos e trombas,
correntes e sucheos; tamén sei do serán,
do amencer eissaltado coma un povo de pombas;
teño ollado, a miúdo, o que se arela en van.*

*Dun místico arreguizo, ollei cuberto o sol,
a alumear longos morados sedimentos.
Cal os yellos actores a facer o seu rol,
as foulas buligaban seus estarrecementos.*

*Soñei, na verde noite de neve alabarante,
bicos rubindo aos ollos dos mares, de vagar,
e da seiva inaudita o circular puxante,
e có espertar dourado do fósforo a cantar.*

*Seguín meses inteiros, coma tolo armentío,
o asalto das foulas ao mariño rochedo,
sen coidar que dos astros o tremor lucidio
o mar asoballaba có seu tripar inquedo.*

*Atopei, ¿sabiades?, increíbel Florida.
En mistura de frores con ollos de panteras,
arcos da vella circios, dos ceios en descida.
No mar, sob do horizonte, verdes fatos de feras.*

*Eu vin nasas inormes nos illós formentar,
dun Leviatán a prea podrecer nas xunqueiras:
a i-auga esnaquizarxe e, do seu esfragar
cara o abiso lonxano, o nascer das pincheiras.*

*Soles de prata, lumes, foulas de nacre, xelos,
medoñentos naufraxios, nas escuras paraxes
onde as cobras rilladas caien, feitas novelos,
das árbores retortas de arrecendos salvaxes.*

*Quixen ondas douradas amostrarlle aos cátivos
—peixes de ouro a cantar sobre do azur abalo—.
Deume o vento as súas azas, por intres, fuxitiuos
cal a escuma foulenta que abenzoa o debalo.*

*Esleirado a miúdo do Trópico e do Polo,
dos mares saloucantes e de dóce arrolar,
frores mouras rubian chuchantes ao meu colo
i eu ficaba en xionllos cal muller a pregár.*

*Penísua boligante, no courel a levar,
das bardallantes aves, esterco e retesías,
eu bogaba e, na empusta, meu ronsel a cruzar,
baixaban oufegados sobor das marusías.*

*Arastora, chimpado cara o éter valeiro
de paxaros, perdido polo mare zamurdo,
nonachei, no horizonte, monitor nin veleiro
que viñera a apañare o meu casco faxurdo.*

*E ceibo, a fumegar nas trebas violeta,
dos ceios eu furei o muro abermallado
que leva, coma dóce que gorenta ao poeta,
ouricelos de sol e de visgo azuado.*

*E corrín embrullado no eléctrico luar,
levando, de min cabo, hipocampos escuros,
cando os xullo queimantes, facían abafar
os ceus ultramariños cheos de ardentes furos*

*Eu, que tremei a ouvire dende moi lonxe, o brado
dos demoros en cío e dos mestos remuiños:
o acougare das augas, dispois de térmido,
dos peiraos da Europa arelei aloumiños*

*As illas sideraes eu vin, lonxanas terras
de ceus tresvariantes, abertos ao remeiro.
¿Tí, na noite sen fondo, durmes e te desterras
cós paxaros dourados, ou vigore vindeiro?*

*Foi sobexo o meu pranto. O amencer é magoante,
férida é toda lúa, todo sol fai chorar...
Agre amor, ateigoume de torpidá emboutante.
¡Qué crebe a miña quilla e que eu volte pra o mar!*

*Arelo auga de Europa e só atopo un charqueiro
moi friu e mouro en onde, perto do estrelecer,
hai un neno en crequenas, a ceivar silandeiro
un barquiño-volalla-pra o seu triste lecer.*

*¡Arastora, bañado de ondas esgarecidias,
os ronseles das naos xa non podo arroubar,
ni esguellar o arruallo das bandeiras belidas,
nin, baixo os ferros ollos dos pontós, navegar!*

Guadalaxara-Nova Galiza, 1968

FLORENCIO MANOEL DELGADO GURRIARAN